

## PREGUNTAS FRECUENTES

### 1. Quen pode beneficiarse do Plan de práctica laboral en empresas?

- Empresas privadas en calquera da súas formas xurídicas (grupo 1)
- Autónomas, autónomos e profesionais liberais (grupo 1)
- Corporacións sectoriais: colexios profesionais, cámaras oficiais, confrarías, comunidades e federacións deportivas (grupo 2)
- Organizacións non gobernamentais: asociacións sen ánimo de lucro que desenvolvan programas ou sexan titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais (grupo 2)

### 2. Cantas bolsas se ofrecen?

O plan ofrece un total de **400 bolsas** que se distribuirán en dous grupos:

- 360 bolsas para o grupo 1: empresas privadas, persoas autónomas e profesionais liberais
- 40 bolsas para o grupo 2: corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais

### 3. No caso de que non se cubran as bolsas nun grupo, como se procederá?

De non cubrirse o número de bolsas asignado a un grupo poderanse distribuír as restantes entre as persoas solicitantes do outro grupo.

### 4. Que requisitos debo cumprir para poder participar neste plan?

- Dispoñer de capacidade técnica e de xestión suficiente para a execución dos proxectos formativos de práctica laboral solicitados
- Estar inscrita ou inscrito no rexistro público correspondente
- Ter a sede social ou centro de traballo na provincia de Pontevedra
- Non despedir de forma improcedente a ningunha persoa traballadora da mesma titulación ou que ocupe un posto similar nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
- Asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes ao persoal da mesma titulación ou que veña realizando tarefas similares ás que levará a cabo a persoa bolseira. Para este efecto poderáselle requirir á empresa ou entidade en calquera momento a documentación acreditativa do cumprimento deste requisito
- Deseñar un proxecto ou programa formativo de práctica laboral por medio do cal as persoas con titulación universitaria ou de ciclos superiores de FP poidan adquirir competencias para o exercicio de actividades profesionais que faciliten a súa empregabilidade
- Estar relacionada a súa actividade coas titulacións solicitadas

- Dispoñer de persoal técnico cualificado que se encargue de exercer as funcións de tutoría e se responsabilice da formación práctica da persoa bolseira, acreditando documentalmente esa cualificación mediante a titulación, contrato de traballo ou cargo na empresa que estea relacionado co obxecto da bolsa
- Dispor dos medios técnicos necesarios para que a persoa bolseira desempeñe as súas tarefas
- Non ter asignada na actualidade unha bolsa dos plans de práctica laboral da Deputación de Pontevedra, tomando como referencia para tal efecto o período de tempo que transcorre desde a data da publicación desta convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO) ata a data de finalización de presentación das solicitudes
- Para as empresas ou entidades que fosen seleccionadas no Plan de práctica laboral en empresas 2016 (convocatoria publicada no BOPPO núm. 71, de 14 de abril de 2016) e manifestasen o seu compromiso de contratación nesa convocatoria, é requisito contratar a persoa bolseira adxudicada. Exceptuaranse de cumprir este requisito aquelas entidades nas que:
  - o A persoa bolseira adxudicada renunciase á bolsa antes da súa finalización por causas non imputables á entidade
  - o A persoa bolseira adxudicada rexeitase ou renunciase á proposta de contratación (xustificándoo documentalmente)

## 5. Que titulacións podo solicitar?

Sempre serán titulacións universitarias ou de formación profesional de grao superior.

No formulario web atopará unha lista de titulacións, pero esta **é aberta e poden engadirse novas titulacións oficiais cando o soliciten** as empresas ou entidades interesadas. Na relación de titulacións dispoñibles, aparecerán con asterisco (\*) a título informativo aquelas que en convocatorias anteriores quedaron desertas por falta de persoas candidatas.

As entidades deberán ter en conta que se a titulación elixida resulta deserta por falta de persoas candidatas se dará por finalizada a bolsa.

## 6. Que fago se non atopo a titulación que quero solicitar dentro da lista?

Terá que enviar un correo electrónico a [promociandoemrego@depo.es](mailto:promociandoemrego@depo.es) solicitando que se inclúa na lista a titulación requirida.

## 7. Como podo solicitar a participación no Plan de práctica laboral?

Primeiro deberá realizar unha preinscrición en liña a través de [www.depo.es](http://www.depo.es) seguindo estes pasos:

- Cubrir os datos correspondentes ao modelo oficial de solicitude e premer o botón “enviar”
- Descargar e imprimir o xustificante electrónico xerado pola web tras a realización do envío, que incluírá un código único de preinscrición

A continuación deberá presentar o xustificante electrónico xerado durante o proceso de preinscripción, debidamente asinado, no Rexistro xeral da Deputación (\*\*ver pregunta 10) dentro do prazo establecido xunto coa seguinte documentación:

- **Copia **compulsada** da tarxeta de identificación fiscal**
- **Nota simple informativa** do Rexistro Mercantil referente aos datos actualizados sobre denominación social, domicilio social, obxecto social e órganos de administración, no caso das entidades obrigadas a inscribirse no referido rexistro
- **Certificado de inscrición no rexistro público correspondente** no caso de corporacións sectoriais ou organizacións non gobernamentais \*\*Ver pregunta 12
- Xustificación da **alta no imposto de actividades económicas (IAE) ou en Facenda (modelo 036)** no caso de persoas autónomas
- **Proxecto da práctica laboral** \*\* Ver pregunta 8
- **Identificación do persoal técnico da empresa ou entidade que actuará como **persoa titora e acreditación da súa cualificación****
- As entidades que fosen seleccionadas no Plan de práctica laboral 2016 e que manifestasen compromiso de contratación coa persoa bolseira adxudicada deberán presentar a **documentación que acredite a relación contractual** establecida, que nunca poderá ser por un período inferior a un mes e na que a duración da xornada laboral nunca poderá ser inferior ao 50 % da xornada laboral prevista no convenio colectivo correspondente
- **Declaracións responsables** xa incluídas no formulario web, unicamente deberán indicarse cun *check* (✓):
  - De asumir o compromiso de non extinguir contratos laborais vixentes de persoal coa mesma titulación ou que ocupe postos similares
  - De non despedir de forma improcedente a ningún membro do persoal da mesma titulación ou que ocupe postos similares nos seis meses anteriores á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes
  - De manter os requisitos esixidos nas bases durante o período de vixencia da bolsa e de informar de calquera variación das circunstancias

## 8. Que é o Proxecto de práctica laboral?

É un documento de elaboración propia no que a entidade interesada deberá indicar:

- A titulación universitaria ou de formación profesional de grao superior na que está interesada para levar a cabo a práctica laboral
- O contido das tarefas da titulación solicitada
- O centro de traballo, departamento, equipo de traballo e horario da práctica laboral
- A persoa titora, descrición do seu perfil e metodoloxía para o seguimento da práctica laboral

#### 9. Cando remata o prazo de presentación das solicitudes?

O prazo de presentación será de **vinte días naturais**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no BOPPO.

#### 10. Onde podo presentar as solicitudes?

- En calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Para tal efecto e co fin de determinar a data de presentación deberá figurar no modelo oficial de solicitude o selo de entrada da oficina de rexistro correspondente
- Nas **oficinas de rexistro da Deputación de Pontevedra**, cuxos horarios poden atoparse en <http://www.depo.es/servizos-a-cidadania/centros/rexistro>
- Na oficina de Correos **por correo certificado**. A solicitude deberase presentar en sobre **aberto** para **ser selada e datada** pola funcionaria ou funcionario correspondente antes de ser certificada

#### 11. Cales son os criterios de selección?

Terán preferencia as solicitudes das empresas ou entidades nas que se manifeste o compromiso da formalización dun contrato laboral no momento da finalización das prácticas laborais, indicando a modalidade, a xornada e a duración. O compromiso será vinculante no caso de existir informe favorable da persoa bolseira na tramitación da proposta de prórroga. No caso de non chegar a cubrir o número total de bolsas convocadas teranse en conta as demais empresas ou entidades que non manifestasen ese compromiso.

- **Proxecto de práctica laboral** (puntuarase cun máximo de **3 puntos**)
- **Empregabilidade** (puntuarase cun máximo de **5 puntos**)
- **Participación en programas de prácticas con institucións públicas** (puntuarase con **1 punto**)
- **Calquera outra mellora non contemplada** que redunde en beneficio da formación práctica da persoa bolseira: xornada continuada, participación nos plans de formación continua da empresa etc. (puntuarase cun máximo de ata **1 punto**)

#### 12. Que é o certificado de inscrición no rexistro público correspondente? (Só necesario no caso de corporacións sectoriais e organizacións non gobernamentais)

- Para os **colexios profesionais**, certificado do Rexistro de Colexios Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, dependente da Dirección Xeral de Xustiza (Lei 11/2001, de 18 de setembro, de colexios profesionais)
- Para as **confrarías**, certificado do Rexistro de Confrarías (Decreto 8/2014, de 16 de xaneiro, polo que se regulan as confrarías de pescadores de Galicia e as súas federacións)
- Para as **comunidades e federacións deportivas**, certificado do Rexistro de Entidades Deportivas da Comunidade Autónoma de Galicia

- Para as **organizacións non gobernamentais ou asociacións sen ánimo de lucro**, certificado do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Comunidade Autónoma de Galicia

### 13. Que fago no caso de non conseguir o certificado de inscrición no rexistro público correspondente a tempo?

Deberá achegar de forma provisional, e sempre en prazo, unha declaración xurada que recolla tal circunstancia e o correspondente cumprimento do requisito de estar inscrita ou inscrito no rexistro correspondente. Unha vez conseguido ratificará a declaración achegando o certificado ao Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local da Deputación de Pontevedra por Rexistro.

### 14. As persoas bolseiras teñen algún tipo de seguro?

Si, dispoñen das seguintes coberturas:

|                                                   |                                  |
|---------------------------------------------------|----------------------------------|
| Responsabilidade civil por accidentes de traballo | capital asegurado: ata 500.000 € |
|---------------------------------------------------|----------------------------------|

Cobertura por accidentes:

|                                      |                             |
|--------------------------------------|-----------------------------|
| • Falecemento por accidente          | capital asegurado: 30.000 € |
| • Invalidez absoluta por accidente   | capital asegurado: 12.000 € |
| • Asistencia sanitaria por accidente | capital asegurado: 3.000 €  |
| • Invalidez total por accidente      | capital asegurado: 30.000 € |
| • Grande invalidez por accidente     | capital asegurado: 6.300 €  |

### 15. As persoas bolseiras cotizan á Seguridade Social?

Si, quedan asimiladas a traballadores por conta allea para os efectos da súa inclusión no Réxime Xeral da Seguridade Social, por participar en programas de formación financiados por entidades ou organismos públicos que inclúen a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades e impliquen unha contraprestación económica, sempre que a realización dos programas non dea lugar a unha relación laboral.

Esta acción protectora respecto ás persoas bolseiras é a correspondente ao Réxime Xeral da Seguridade Social, **coa exclusión do desemprego**, e cotizarase por continxencias comúns e por continxencias profesionais (accidentes de traballo e enfermidades profesionais).